

Elisa Fernández Rei
Cambios prosódicos no galego actual
Sección 3

En galego existen unha serie de procesos fonolóxicos, como a elisión vocálica, e outros procesos morfofonolóxicos, como a selección dos alomorfos do artigo determinado e dos pronomes persoais átonos de acusativo, que actúan no ámbito da palabra fonolóxica ou prosódica (Nespor e Vogel 1986).

No caso da elisión vocálica, estamos ante unha regra fonolóxica posléxica que se podería formular do seguinte xeito:

(1) a. *Elisión de V₁ (opcional)*

$V \rightarrow 0 / \dots_ [V\dots]$

Por tanto, a elisión vocálica producirase sempre que haxa un límite de palabra fonolóxica: a vogal elidida non ten por que formar parte dunha palabra fonolóxica, pero a vogal que se conserva ten que pertencer necesariamente a unha palabra fonolóxica.

Polo que se refire aos procesos de selección da segunda ou terceira forma de artigos e pronomes átonos acusativos (*lo* e *no* respectivamente) están implicados elementos clíticos, que non posúen acento e que, por conseguinte, teñen que depender fonoloxicamente dunha palabra que si o teña.

Nos dous casos, como sinalabamos, está implicado nalgún nivel o dominio da palabra fonolóxica. Así mesmo, tanto un coma outro nos serve para ilustrar a complexidade da natureza prosódica deste dominio.

Sabemos que no galego actual, sobre todo nas falas urbanas e de xente máis nova, se está producindo un cambio no funcionamento dos procesos morfofonolóxicos citados. Sabemos menos, porén, respecto do comportamento do sandhi vocálico en xeral e da elisión vocálica en particular: estanse producindo tamén cambios nestas variedades? Hai un distinto comportamento destes procesos nestas falas?

A pregunta é se se están producindo cambios no comportamento destas regras prosódicas e morfofonolóxicas ou se o cambio está afectando tamén ao sistema de prosodificación do galego e, por tanto, á natureza das unidades que conforman a xerarquía prosódica (especialmente, a palabra fonolóxica).

A nosa hipótese é que o cambio se está orixinando na prosodificación das palabras fonolóxicas, posto que pensamos que se produciu un cambio no estatus prosódico dos clíticos e isto trouxo como consecuencia un cambio na estrutura da palabra prosódica o que, finalmente, provocou tamén cambios no funcionamento de determinadas regras que actuaban no seu ámbito.

En estudos anteriores sobre a dependencia fonolóxica dos clíticos (Fernández Rei 2012), nunha perspectiva comparada co portugués do Brasil, observamos como nesta variedade se produciu unha tendencia a que a tradicional énclice derivase cara a unha próclise. Este cambio observado na dependencia fonolóxica afectou á estrutura da palabra prosódica ou fonolóxica, posto que a integración dos clíticos é de natureza moi dispar, segundo a súa adxunción fonolóxica se produza cara á dereita ou cara á esquerda (vid. Vigário 1999a: 267 para o portugués europeo).

Para levar a cabo este traballo, utilizaremos textos orais do galego: os gravados por Gustav Henningsen entre os anos 1965 e 1968, os recollidos para o Atlas Lingüístico Galego entre os anos 74 e 75 e os recompilados, desde os anos 80 ata a actualidade, dispoñibles no Arquivo do Galego Oral <http://ilg.usc.es/ago/>

Estes textos vannos permitir facer un estudo diastrático e diacrónico dos procesos fonolóxicos e morfofonolóxicos que nos interesan, de xeito que poidamos constatar a existencia dun cambio na prosodificación das palabras fonolóxicas. Este cambio, en tanto que vinculado cun cambio no estatus dos clíticos, pode botar luz sobre o comportamento destes elementos no diasistema galego-portugués.

Referencias bibliográficas

- Álvarez Blanco, Rosario (1980): *O pronome persoal en galego*. Tese de Doutoramento, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.
- Booij, Geert (1996): “Cliticization as prosodic integration: The case of Dutch”, *The Linguistic Review*, 13: 219-242.
- Fernández Rei, Elisa (2002): *Regras fonolóxicas posléxicas e regras precompiladas de alomorfia sintagmática: dominios prosódicos en galego*. Tese de doutoramento, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.
- Fernández Rei, Elisa (2005): “A dirección de cliticización fonolóxica no galego actual”, in Ana Isabel Boullón / Xosé Luís Couceiro / Francisco Fernández (eds.): *As tebras alumeadas. Estudos filolóxicos ofrecidos ao profesor Ramón Lorenzo*. Santiago: Universidade de Santiago, 335-345.
- Fernández Rei, Elisa (2012): “A cliticización fonolóxica en galego e en portugués brasileiro”, in Xoán Lagares / Henrique Monteagudo (org.): *Galego e Portugués Brasileiro: historia, variación e mudançã*. Niterói-RJ: EDUFF, pp. 105-127.
- Nespor, Marina / Irene Vogel (1986): *Prosodic Phonology*. Dordrecht: Foris Publications.
- Nunes, Jairo (1993): “Direção de cliticização, objeto nulo e pronome tônico na posição de objeto em português brasileiro”, in Ian Roberts e Mary Kato (org.): *Português brasileiro: uma viagem diacrônica*. Campinas: UNICAMP, 207-222.
- Selkirk, Elisabeth O. (1996): “The prosodic structure of function words”, in James L. Morgan / Katherine Demuth (eds.): *Signal to Syntax. Bootstrapping from Speech to Grammar in Early Acquisition*. Mahwah, NJ: Lawrence Erlbaum Associates, 187-213.
- Vigário, Marina (1999a): “On the prosodic status of stressless function words in European Portuguese”, in T. Alan Hall / Ursula Kleinhenz (eds.): *Studies on the phonological word*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins, 254-294.
- Vigário, Marina (1999b): “Pronominal cliticization in European Portuguese: a postlexical operation”, *Catalan Working Papers in Linguistics* 7, 219-237.
- Vogel, Irene (2009): “The status of the clitic group”, in Janet Grijzenhout / Barış Kabak (eds.): *Phonological domains. Universals and deviations*. Berlín: Walter de Gruyter, 15-46.